

MARICA CAMPO

María Pilar Campo Domínguez, coñecida como **Marica Campo**, nada no Val do Mao, no Incio, o 24 de febreiro de 1948, é unha escritora galega.

Pasa os primeiros anos no Incio, pero vai á escola a Lugo. Cando ten oito anos a familia trasládase a Lugo para facilitar os estudos dos fillos. Aos quince anos ingresa nunha orde relixiosa coa intención de ser misioneira, na que permanece cinco anos. Acude á Universidade Pontificia de Salamanca onde fai estudos de Teoloxía. Obtén o título de mestra e inicia Filosofía e Letras.

Exerceu como mestra en Muimenta, Castro de Rei, Canarias, na Mariña de Lugo e no IES de Guitiriz, lugar onde se xubila en 2008 e onde continúa a residir.

Publica os meus primeiros relatos, en castelán, na revista de maxisterio *Contacto y acción*. Comeza a escribir en galego durante a súa estadía no Colexio Público de Castro de Rei. Participa en concursos de poesía, prosa e teatro obtendo algúns premios. Tamén fai letras para Fuxan os ventos. Foi nomeada Chairega de Honra pola Asociación Cultural Xermolos e a Fundación Manuel María da Terra Chá en novembro de 2007.

Obras

Poesía

- *Tras as portas do rostro* (1992, Baía Edicións).
- *Pedinche luz prestada* (2001, Espiral Maior).
- *Sextinario: trinta e seis + tres* (2007, Sotelo Blanco).

Narrativa

- *Confusión e morte de María Balteira* (1996, Baía Edicións).
- *Memoria para Xoana* (2002, Espiral Maior). Novela curta ou relato longo en que unha violinista fala coa filla que aínda non naceu para lle contar o pasado familiar e lle anunciar o futuro que soña para ela.
- *Onde houbo lume* (2010, Biblos Clube de Lectura).

Teatro

- *O Premexentes non pode cos paxaros rebezos ou Memorias dun Escribano* (1984, Cadernos da Escola Dramática Galega). Peza teatral que é a alegoría dunha ditadura.
- *Confusión de María Balteira* (2006). Texto teatral baseado en dous dos relatos de *Confusión e morte de María Balteira*.
- *O Divino Sainete* (2008). Adaptación teatral da obra homónima de Manuel Curros Enríquez.

Literatura infanto-xuvenil

- *Crispín do Mao, Crispín do mar ; ¡Adeus, pé! ; O enigma do menhir ; Catro pallasos* (2003, Xunta de Galicia, narrativa).
- *Abracadabras* (2006, Edicións do Castro, poesía).

- *E Xoel aprendeu a voar* (2009, Obradoiro, narrativa).
- *Noutra dimensión* (2011, Galaxia).

Obras colectivas

- *Os escritores lucenses arredor de Ánxel Fole* (1986, Concello de Lugo).
- *Narradoras* (2000, Xerais).
- *Poemas e contos da muralla* (2001, A Nosa Terra).
- *Un futuro para a lingua* (2002, Xunta de Galicia).
- *Alma de beiramar* (2003, Asociación de Escritores en Lingua Galega).
- *Intifada. Ofrenda dos poetas galegos a Palestina* (2003, Fundación Araguaney).
- *Narradio. 56 historias no ar* (2003, Xerais).
- *Negra sombra. Intervención poética contra a marea negra* (2003, Espiral Maior).
- *XVIII Festival da Poesía do Condado* (2004, S. C. D. Condado).
- *Elas 3: antoloxía poética* (2004, Unión Comarcal de CCOO de Vigo).
- *Xela Arias, quedas en nós* (2004, Xerais).
- *Escrita contemporánea, Homenaxe a Ánxel Casal* (2005, Asociación de Escritores en Lingua Galega).
- *Amor en feminino: antoloxía das poetas galegas de Rosalía á Xeración dos 80*, 2006, Baía Edicións. Edición de Maximino Cacheiro Varela.
- *Polifonías: voces poéticas contra a violencia de xénero* (2006, Espiral Maior/Xunta de Galicia).
- *Volverles a palabra. Homenaxe aos represaliados do franquismo* (2006, Difusora).
- *Educación e Paz III. Literatura galega pola Paz* (2008, Xerais).
- *Letras novas* (2008, Asociación de Escritores en Lingua Galega).
- *Marcos Valcárcel. O valor da xenerosidade* (2009, Difusora).
- *Xosé Chao Rego: renacer galego. (Actas do Simposio-Homenaxe)* (2010, Fundación Bautista Álvarez de Estudios Nacionalistas).
- *Cociñando ao pé da letra* (2011, Galaxia). Colaboración con varios autores sobre poesía e cociña.
- *Premios Terras de Chamoso (2007-2009)* (2011, Asociación Cultural Arumes do Corgo).

Premios

- Mención de Honor de O Facho en 1983, por *O Premexentes non pode cos paxaros rebezos ou Memorias dun Escribano*.
- Premio de Poesía Concello de Vilalba no 1998, por *Catro lúas e a da morte*.
- Premio de Narrativa Concello de Vilalba no 2001, por *Memoria para Xoana*.
- Premio de poesía Fiz Vergara Vilariño no 2001, por *Pedinche luz prestada*.
- Premio da III Edición Arume de Poesía para nenos no 2006, por *Abracadabras*.
- Premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega de Literatura Infantil e Xuvenil no 2007, por *Abracadabras*.
- Premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega de Poesía no 2008, por *Sextinario: trinta e seis + tres*.